

**Acta núm. 19/2020.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 07 de xullo de 2020.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.
Non asiste: Carlos Noya Pereira.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 07 de xullo de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 18/2020, DO 01.07.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE) E USO TEMPORAL.
- 4º) PRÓRROGAS DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 18/2020, DO 01.07.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 01.07.2020, acta núm. 18/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCOS TAJES MARTÍNEZ, na que comunica que vai colocar un cartel publicitario dunha empresa "Restaurante camiño do mar" sita no Concello de Rois, nunha parcela privada, sen invadir as beirarrúas, mais separado da estrada que a alíñación establecida nos planos de ordenación municipal e fora do dominio público, que será visible desde un tramo urbano da estrada AC-543.
A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a instalación do cartel, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 64,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por VICENTE ROMERO REY, na que comunica que vai realizar obras de reparación dun muro de aproximadamente 45 metros de lonxitude sito en Fonte Paredes, substituíndo os postes de formigón e o arame en mal estado, situados enriba da parte cega do muro, por arame novo e postes de ferro.
O muro atopase en situación de non plenamente compatible coas determinacións do planeamento, e trátase de obras de conservación que non consolidan nin modifican a altura do peche.
A parcela (referencia catastral nº 1688105NH2418N0001DG) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-2), e sitúase

próximo ao Cruceiro do Adro e á Igrexa de Sta. María, incluídos no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificados como OC1 e OR1 respectivamente, e, en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 13,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 77,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL ANTONIO SILVA ROMERO, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita na Urb. Monte Devesa nº 15 - Brión, substituindo as tellas en mal estado da cuberta por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 6246117NH2464N0001KD), na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 107,08 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 171,65 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL CARNOTA CALO, na que comunica que vai construír un muro de peche, en contacto coa vía pública no lugar de Pazos-Ons; o muro farase de pedra e terá 4 metros de lonxitude e 1,50 metros de alto aproximadamente.

A parcela (referencia catastral nº 15013C502004020000JK) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria segundo a Disposición transitoria 1º.2.d da Lei 2/2016 do solo de Galicia e sitúase no contorno da aldea de Pazos, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como OE2, e, en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros coa seguinte condición:

- O peche situarase mínimo a 4 metros do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 2,70 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 67,27 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN CARLOS FIGUEROA ZAS, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita en Paseo de Pedrouzos nº 46 – Brión, substituindo as tellas en mal estado da cuberta por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 6357807NH2465N0010ZD) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano,

séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 52,80 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 117,37 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL GANDARELA MATO, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita en Vioxo de Abaixo nº 9 – Luaña, substituíndo as tellas en mal estado da cuberta por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 1439305NH2413N0001TX), na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 89,65 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 154,22 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA ESPERANZA ROJO CHICO, na que comunica que vai realizar obras de conservación nun almacén sito en Gundín nº 12 – Os Ánxeles, substituíndo as tellas en mal estado da cuberta por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 5241106NH2454S0001MJ), na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 90,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 154,57 euros.

TERCEIRO.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE) E USO TEMPORAL.

a) Deuse conta dunha instancia presentada pola ASOCIACIÓN KRAKEN AIRSOFT GALICIA, na que solicita prórroga do prazo de funcionamento da actividade de airsoft e de actividades lúdico deportivas e culturais ao aire libre, no lugar de Esparís 13, Viceso (antigo IES de Esparís).

Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local con data 24.01.2017, adoptou o seguinte acordo:

“ a) Deuse conta dun escrito asinado por Héctor Sánchez Ventín, en nome e representación

da ASOCIACION KRAKEN AIRSOFT GALICIA, en calidade de presidente, con domicilio na Rúa das Cartas nº 2, 5º D, Milladoiro, Ames, para o funcionamento da actividade de airsoft e de actividades lúdico deportivas e culturais ao aire libre, no lugar de Esparís 13, Viceso (antigo IES de Esparís), segundo documentación presentada no concello o 25/10/2016 (r.e. 4684) e o 23/01/2017 (r.e. 298) e solicitando o uso do ben sinalado.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade acorda:

1º) Autorizar, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, o funcionamento da actividade de airsoft e de actividades lúdico deportivas ao aire libre en Esparís 13, Viceso (antigo IES de Esparís).

2º) Autorizar de xeito gratuíto o uso do ben municipal sinalado, autorización que en todo caso enténdese outorgada en precario, podendo revogarse unilateralmente polo concello en calquera momento, sen obriga de respectar prazo de preaviso ningún, por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulte incompatible con condicións xerais aprobadas con posterioridade, produza danos no dominio público, impida a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscabe o uso xeral, e coas seguintes condicións:

- . Antes do inicio da actividade haberán de achegar seguro de responsabilidade civil para garantir, fronte ao concello e os participantes nas actividades, os posibles riscos derivados da utilización do inmovible, cunha cobertura de polo menos 3.000.000 euros por sinistro, acreditando asemade o pagamento da prima. O límite mínimo por vítima será de 600.000 euros, agás que se acredite a imposibilidade de contratar unha póliza con tal cobertura, por non existir no mercado, suposto no que o límite mínimo de cobertura haberá de ser de polo menos 300.000 euros.

- . Antes do inicio da actividade haberán de proceder á limpeza e desescombros do inmovible, con entrega dos residuos a xestor autorizado, dando cumprimento ao disposto no RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia, e demais normativa aplicable.

- . Imponse a obriga de avisar ao concello, con polo menos 24 horas de antelación, a previsión de desenvolvemento de actividades e a duración estimada das mesmas, con indicación de horas aproximadas de inicio e remate.

- . Os actos autorizados desenvolveranse baixo a exclusiva responsabilidade do autorizado, debendo responder o mesmo de todos os danos e prexuízos que se poidan ocasionar.

- . A autorización do uso da instalación se concede polo prazo de tres anos contados desde o día de hoxe podendo ser obxecto de prórroga de un ano, ata un máximo de catro anos, incluída a posible prórroga.

- . Deberá obter pola súa conta cantas licenzas e permisos requira o uso do ben ou a actividade a realizar sobre o mesmo.

- . O concello se reserva a facultade de inspeccionar o ben obxecto de autorización en calquera momento, para garantir que o mesmo é usado de acordo cos termos da autorización.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.””

A Xunta de Goberno Local, á vista do informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder unha prórroga ata o 24.01.2021 da cesión en precario do uso do ben municipal sinalado, nas mesmas condicións.

CUARTO.- PRÓRROGAS DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ADRIÁN BLANCO VAAMONDE e ANA RITA PAIXAO PERU, na que se solicita prórroga do prazo de remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Bemil nº 37 - Bastavales.

Con data 21.12.2017 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza municipal de obra maior a Adrián Blanco Vaamonde e Ana Rita Paixao Peru, para construír unha vivenda unifamiliar, en Bemil 37 - Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09/05/2017 e documentación complementaria presentada no concello o 07/11/2017 (r.e.4640) e o 17/11/2017 (r.e. 4807).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de tres anos contados desde o día de hoxe para o remate das obras, coa seguinte condición:

-. Que a edificación sexa rematada exteriormente.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Miguel Serrano Gómez, que di actuar en representación de MARÍA VERÓNICA BAAMEIRO ROMERO, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras de construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Casal nº 28 - Brión.

Con data 29.06.2017 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza municipal de obra maior a María Verónica Baameiro Romero, para construír unha vivenda unifamiliar, no lugar de Casal nº 28 - San Fins de Brión, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Miguel Serrano Gómez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos o 28.05.2015 e documentación complementaria presentada no concello con datas 12.04.2017(r.e. 1566 e), e 18.05.2017(r.e. 2221) con visado do 17.02.2016 e 09.05.2017.

Con data 09.06.2020 a Xunta de Goberno Local concedeu modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 29/06/2017, para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de O Casal 28- San Fins de Brión, segundo o Modificado do proxecto básico e de execución, redactado polo arquitecto Miguel Serrano Gómez, visado no Colexio oficial de arquitectos de Galicia o 10.10.2019 (n.r.e.: 1503244).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de tres anos contados desde o día de hoxe para o remate das obras, coa seguinte condición:

-. Que a edificación sexa rematada exteriormente.

QUINTO .- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González